

A Casa das Ciencias presenta a exposición

O ASOMBRO DE MR. DARWIN

Con motivo da celebración do Ano Darwin, e coincidindo co 150 aniversario da publicación do seu libro “A orixe das especies” (24 de novembro), os Museos Científicos Coruñeses presentan unha exposición que constitúe a intervención estrela deste aniversario.

A mostra pretende trasladar ao público o labor do protagonista dun descubrimento científico que transformou a nosa forma de comprender o mundo: a teoría da evolución biolóxica por medio da selección natural, que Darwin detallou no seu famoso libro “A orixe das especies” (1859).

A nova afirmación de que os seres vivos actuais, incluído o ser humano, proceden doutros anteriores, dos que se orixinaron por mor de mecanismos naturais, revolucionou a ciencia e moitas outras cousas.

O asombro de Darwin é o dun mozo atraído polo coñecemento e goce da natureza e fascinado polo que observa na súa singular viaxe. Tamén é o do home que constrúe unha teoría revolucionaria, conmovido pola consciencia da súa transcendencia e impacto. Un asombro intelixente que vai parello coa estrita aplicación dunha metodoloxía científica, mostrando, así mesmo, o aspecto creativo da ciencia, un estimulante camiño de preguntas e respostas, no que Darwin percorreu un bo treito.

O equipo dos Museos Científicos Coruñeses é autor do guión da exposición así como da súa produción.

CONTIDOS

A exposición contén 11 unidades expositivas que se distribúen en seis ámbitos: educación científica e sentimental, a viaxe do Beagle, a construción dunha teoría revolucionaria, unha explicación sorprendente, o darwinismo conmocionou ao mundo, e mitos e incógnitas sobre a evolución.

Ademais, no exterior do edificio, colocouse unha reprodución de Harriet, a tartaruga das Galápagos recollida por Darwin na súa viaxe, e que morreu en 2006, cunha idade duns 176 anos. A exposición recibe aos visitantes cunha reprodución a escala real dun megaterio, instalado na planta baixa do museo.

Coleccionista por natureza

Este módulo, dedicado á curiosidade e o coleccionismo como actitude científica, contén un panel gráfico coa representación en viñetas da seguinte pasaxe da autobiografía de Darwin:

"Vou dar unha proba do meu entusiasmo: un día, mentres arrincaba cortizas vellas de árbores, vin dous raros escaravellos e collín un en cada man; entón vin a un terceiro doutra clase, que non me podía permitir perder, así que metínme na boca o que sostiña na man dereita. Pero ai!, expulsou un fluído intensamente acedo que me queimou a lingua, polo que me vin forzado a chuspilo, perdendo este escaravello, e tamén o terceiro".

Ademais, nunha vitrina pódense observar exemplos de coleccións: escaravellos, discos de vinilo, figuras da colección infantil de gormitis.

Viaxe alucinante

Este módulo trata sobre a viaxe do Beagle e sobre como Darwin descobre unha visión distinta da natureza. Contén un globo terráqueo a gran escala no que os visitantes poden

observar o percorrido que fixo arredor do mundo. Un ordenador permite deterse nalgunhas das súas escalas e descubrir as actividades e experiencias que Darwin vivíu naqueles lugares.

A mensaxe dos fósiles

Trátase aquí de descubrir a diversidade biolóxica pasada e actual. Para iso preséntase unha columna estratigráfica, con varias capas de sedimentos entre os que se poden ver enterrados diferentes modelos de teléfonos, seguindo a liña evolutiva deste invento tecnolóxico.

Ademais, tres vitrinas mostran exemplos de especies relacionadas evolutivamente (un lagarto, un dinosauro e unha galiña), de fósiles vivintes (nautilus) e da dificultade para recrear os seres do pasado a partir dos seus fósiles, ilustrada cunha ampla colección de *Velociraptores* de xoguete.

Unha pista inquedante

Un panel gráfico mostra a distribución xeográfica dos pimpíns de Darwin nas Galápagos, os seus alimentos, picos e métodos de alimentación. Estes paxaros, dos que observou 13 especies, diferenciábanse pola forma do seu pico. O seu estudo foi unha das claves para resolver o enigma da evolución.

A selección artificial, unha pista fundamental

Este módulo explica como os seres humanos modificaron as especies mediante selección dos exemplares reprodutores. Contén unha reprodución da planta da col salvaxe, e ao seu redor imaxes de variedades desta planta xunto a outras que non teñen que ver. O visitante debe levantar unhas tapas para descubrir se a planta representada está emparentada coa da col. Ademais, un acuario exhibe unha variedade de carpas vivas, peixes que son resultado da selección artificial.

O motor da evolución

Aquí explícase que as características que comparten os seres vivos suxiren un parentesco biolóxico. Para iso dispónse uns pupitres interactivos acompañados de vitrinas con obxectos que fan referencia a algunha destas características. Por exemplo, nunha delas expónse unha colección de esqueletos de extremidades de diferentes grupos de vertebrados, e no pupitre interactivo pódese descubrir os nomes de todos os ósos comúns a todos eles.

A evolución en acción

Un monitor de televisión reproduce un vídeo que ilustra o crecemento dunha poboación bacteriana e a selección de individuos en función da aparición aleatoria de mutacións, e da contorna (uso de antibiótico, por exemplo). Trátase de presentar a teoría da selección natural como a sorprendente explicación da evolución.

Ao seu lado, móstrase o triunfo cultural de opcións tecnolóxicas que non eran os mellores deseños: un teclado QWERTY (o máis utilizado actualmente) fronte a un DSK (Dvorak Simplified Keyboard). O visitante ten diante un teclado DSK para probar a escribir con el.

Unha revolución cultural

Este espazo contén un conxunto de elementos que ilustran o impacto social do darwinismo. Entre eles inclúese unha edición de 1889 de “A orixe das especies”, outra de 1867 dos “Principles of Geology” de Charles Lyell, e outros documentos como unha carta enviada por Darwin ao naturalista galego Víctor López Seoane.

Tamén se mostra un vídeo con imaxes do debate entre Huxley e Wilberforce, e unha colección de caricaturas de Darwin, algunhas da súa época ridiculizándoo e outras actuais nas que se pon en evidencia o impacto cultural do seu traballo.

Unha teoría en construción

Este módulo presenta un xogo de clasificación de documentos impresos relacionados coa evolución: portadas de revistas, noticias de xornais, folletos, anuncios, libros)

Qué sabemos de evolución

Nesta unidade inclúense cinco realizacións que abordan algunhas das cuestións que actualmente se investigan en relación á evolución: A selección natural consiste na supervivencia do máis forte? Está o Homo sapiens na cima da evolución? Avanza a evolución cara a seres máis complexos? A selección natural proporciona ás especies os trazos que necesitan? Son predecibles os resultados da evolución?

Para ilustrar estas cuestións, este espacio dispónse un xogo de ordenación de secuencias evolutivas, unha vitrina con exemplares de animais con estruturas que se simplificaron por selección natural, e o cráneo dun tigre dentes de sabre, exemplo de que non sempre sobreviven os máis fortes.